



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Agolada

Rúa do Iryda 20

36520 AGOLADA (Pontevedra)

☎ 886151077-78-79 📠 886151080

ceip.agolada@edu.xunta.es <http://centros.edu.xunta.es/ceipdeagolada>

PAT

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
CEIP DE AGOLADA



Actualización do Plan de Acción Tutorial aprobado en Claustro don data: 16 de outubro de 2018	Presentado ao Consello Escolar con data: 16 de outubro de 2018
O director: ASDO:Luis Vázquez Rojo	O director: ASDO:Luis Vázquez Rojo

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- A FUNCIÓN TITORIAL: APROXIMACIÓN CONCEPTUAL	5
3.- CONTEXTO	5
4.- ASPECTOS XERAIS DO PAT	6
5.- AXENTES DA FUNCIÓN TITORIAL	6
6.- PAT E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	10
7.- DECISIONS A NIVEL DE CENTRO	11
8.- P.A.T. EN EDUCACIÓN INFANTIL	12
• OBXECTIVOS	13
• CONTIDOS	14
• PLAN DE ACOLLIDA	14
• ACTIVIDADES	16
9.- P.A.T. EN EDUCACIÓN PRIMARIA	17
• OBXECTIVOS	18
• CONTIDOS	18
• ACTIVIDADES	18
10.- APOIO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN AO PAT	32
11.- RECURSOS	35
12.- AVALIACIÓN DO PLAN	36
13.- APROBACIÓN E MODIFICACIONES	36

1.- INTRODUCCIÓN

A Educación Infantil e a Educación Primaria constitúen etapas educativas básicas para o desenvolvemento persoal e educativo do alumnado. Estas ensinanzas contribúen á adquisición de hábitos e valores fundamentais para unha axeitada socialización, ao desenvolvemento de capacidades que potencian a autonomía persoal e ao logro de competencias básicas para o desenvolvemento persoal e a preparación do alumnado para afrontar etapas educativas posteriores e aprendizaxes máis complexas.

A orientación e a acción titorial forman parte da función docente, tendo como metas orientar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe e desenvolvemento persoal, coordinar a acción educativa e o proceso de avaliación levados a cabo polo conxunto do profesorado de cada equipo docente, establecer relacións fluídas e mecanismos de coordinación coas familias do alumnado, e contribuír á prevención e identificación temperá das dificultades de aprendizaxe, coordinando a posta en marcha das medidas educativas pertinentes tan pronto como estas se detecten.

O Plan de Orientación e o Plan de Acción Titorial constitúen o instrumento pedagóxico e didáctico que articula a medio e longo prazo o conxunto de actuacións dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, relacionado coa orientación e a acción titorial tanto do alumnado como das súas familias.

O proceso de ensinanza- aprendizaxe do alumnado debe incluír dúas grandes vertentes integradas: a vertente formativa e a vertente instrutiva.

A vertente formativa está relacionada co coñecemento, seguimento e orientación do alumnado, coa coordinación co resto do profesorado do mesmo grupo-aula e implica a todo o profesorado do centro, coordinados polo titor/a de cada grupo.

A función titorial e a orientación dos alumnos/as, que forman parte da función docente, desenvolverase ao longo de todas as etapas e ciclos.

O Plan de Acción Titorial é a sistematización e organización da acción titorial, realizada polo profesorado, sobre todo polos titores, dentro dun programa conxunto que converta dita acción nun traballo planificado de antemán e coordinado no seu desenvolvemento.

O Plan de Acción Tutorial será o marco no que se desenvolvan as actuacións do profesorado na relación cos alumnos/as e coas súas familias, polo que todos os profesores/as están implicados na planificación, aplicación, avaliación e revisión do Plan de Acción Tutorial.

O Plan de Acción Tutorial abarcará as accións a desenvolver polo profesorado, especialmente polo titor/a, con alumnado e familias, considerando todo tanto desde o ámbito grupal como desde o ámbito individual.

A acción do titor/a deberá chegar :

- A cada alumno/a, cada familia e cada profesor/a, xa que o titor/a deberá seguir o proceso individual do alumnado e coordinar as accións do profesorado e da familia para que se traballe dun modo coherente e progresivo.
- Ao grupo de alumnos que ten ao seu cargo, atendendo ao seu proceso de integración grupal, á adquisición de estratexias de aprendizaxe, ao desenvolvemento de habilidades sociais, favorecendo o coñecemento interpersoal e o apoio e colaboración mutua.

Unha das funcións do Departamento de Orientación dun centro educativo é a elaboración de propostas de acción tutorial, pero, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos/ as tutores/ as. Ao mesmo tempo, o/ a orientador/ a debe ser quen impulse ese traballo, asesore e axude a estruturar e organizar as actuacións.

Neste sentido o Plan de Acción Tutorial (PAT) é a resposta que, de modo sistemático e intencional, leva a cabo o centro para concretar dita orientación educativa.

2.- A FUNCIÓN TITORIAL: APROXIMACIÓN CONCEPTUAL

A acción titorial pretende a axuda e orientación na formación humana e académica do alumnado, procurando un adecuado crecemento e potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa nun proceso de formación, así como servir de nexos de unión entre as familias e o centro, e entre o profesorado que desenvolven o seu labor docente cun mesmo grupo de alumnos/ as.

A LOMCE no seu Artigo 18, PUNTO 5 establece que no conxunto da etapa, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

O sistema titorial convértese na peza clave do proceso escolar e na base e punto de partida das actividades docentes e comunitarias, debendo reflectir a realidade do centro adaptándose ás necesidades educativas do seu alumnado, profesorado e familias.

A figura do/ a titor/ a é, polo tanto, o eixe que coordina e dinamiza este proceso, concibíndose así a titoría como unha actividade inherente á función do/ a profesor/ a que se realiza individual e colectivamente co alumnado dun grupo clase, coa finalidade de facilitar a integración dos procesos de aprendizaxe.

3.-CONTEXTO

O CEIP AGOLADA é un centro público no que se imparten dúas etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria. Cada unha destas etapas ten unhas características diferenciadas polo que o Plan de Acción Titorial terá aspectos xerais válidos para todas as etapas e outros específicos de cada etapa.

Así mesmo é un centro no que se atopan escolarizados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade polo que require tamén unha acción titorial específica para este tipo de alumnado que deberá reflectirse na programación anual.

4.- ASPECTOS XERAIS DO P.A.T.

OBXECTIVOS XERAIS

- ✓ **Ensinar a pensar:** que os alumnos/as cheguen a ser capaces de aprender a aprender, de ser conscientes das estratexias que empregan para aprender e da súa utilidade en cada ocasión.
- ✓ **Ensinar a ser persoa:** axudar aos alumnos/as a un desenvolvemento harmónico da súa identidade ao logro dunha autoestima positiva e axustada.
- ✓ **Ensinar a convivir e comportarse:** axudar aos alumnos/as a saber relacionarse cos demais dunha forma positiva.
- ✓ **Ensinar a decidirse:** axudar aos alumnos/as a ter capacidade para obter información suficiente e relevante e unha actitude reflexiva para poder tomar decisións ante calquera situación que o requira.

Estes obxectivos son principios educativos fundamentais onde deben confluír as accións do profesorado. Concretaranse a través de todas as áreas e de forma explícita na acción tutorial no seu máis amplo sentido.

5.- AXENTES DA FUNCIÓN TITORIAL

EQUIPO DIRECTIVO

Son competencias da xefatura de estudos coordinar e orientar a acción dos titores/as, coas achegas, se é o caso, do Departamento de Orientación e de acordo co Plan de Orientación e do Plan de Acción Tutorial

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro establece que “ os xefes de estudo coordinarán e apoiarán o traballo dos titores e manterán as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.”

TITOR/A

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no seu Artigo 81 establece que cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno/ a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao resto do equipo docente das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- k) De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- l) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais/nais/titores-as legais.
- m) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- n) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableceza o mesmo e a xefatura de estudos.

- o) Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- p) Orientar as demandas e inqedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- q) Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- r) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- s) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- t) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- u) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras, e á xefatura de estudos.
- v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- w) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

PROFESORES

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro establece no seu Artigo 80º que “A titoría e orientación dos alumnos formará **parte da función docente**”

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No Artigo 39 do Decreto 7/99 do 7 de xaneiro fíxanse as funcións relacionadas coa acción titorial:

-“Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Titorial , incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado , coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento de ditos plans.”

-“*Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos*”.

O primeiro nivel de orientación corresponde á titoría. O departamento de orientación será o seu apoio para poder levar a cabo este labor ás veces mediante intervencións directas co alumnado, pais/nais ou profesorado e outras de forma indirecta.

O Departamento de Orientación facilitará aos titores/as materiais específicos para o desenvolvemento do labor tutorial .

O Departamento de Orientación levará a iniciativa para intervir nos seguintes casos:

-Nas actuacións previstas no Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.

-No seguimento dos alumnos/as aos que se lles prestou unha atención anterior polo Departamento de Orientación, especialmente aos que presentan NEAE.

-Naquelas actuacións que se acorden nas reunións do Departamento de Orientación e que serán comunicadas ao Equipo Directivo.

-Nas solicitudes externas ao centro (comunicaranse previamente ao Equipo Directivo).

FAMILIA

Na LOMCE establécese que son os pais os responsables da educación dos seus fillos e como *primeiros responsables da educación dos seus fillos correspóndelles*:

- a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os fillos/as cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente a clase.
- b) Estimularos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomendan.
- c) Coñecer e apoiar a evolución do proceso educativo en colaboración cos profesores/as .
- d) Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro.
- e) Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.

6- PAT E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

“O titor/a deberá efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.”

En función dos resultados da avaliación inicial e da continua, cando un titor ou profesor detecte unhas necesidades dun determinado alumno/a ou dun grupo de alumnos/as, deberá tomar as **medidas ordinarias** necesarias (adaptacións de método, de actividades, emprazamento na clase, entrevistas co alumno/a, coa familia).

Se estas medidas non son suficientes calquera profesor/a deberá comunicalo ao titor/a ; este solicitará ao xefe/a de estudos o asesoramento e /ou apoio .

O Xefe/a de estudos derivará esta solicitude ao Departamento de Orientación. O departamento de orientación estudará as solicitudes presentadas e fará un estudo máis detallado das necesidades educativas dese alumno/a ou dun grupo de alumnos/as así como unha proposta das medidas de atención que se consideren axeitadas, tendo en conta o Plan de Atención á Diversidade.

Á vista do informe o Xefe/a de Estudos tomará as medidas oportunas comunicándollas ás persoas implicadas.

7- DECISIONS A NIVEL DE CENTRO

A) CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DE TITORÍAS

O Capítulo VI da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97) establece que:

-Cada grupo de alumnos terá un titor que será designado polo director por proposta do xefe de estudos de acordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

O mestre titor, ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo.

-Nos centros nos que o número de mestres sexa igual có de unidades, cada mestre desempeñará a titoría dun grupo de alumnos. Nos centros nos que o número de mestres sexa superior có de unidades, a titoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal co dito grupo. Os mestres que compartan centro só poderán ser designados titores no centro para o que, estean nomeados.

-A asignación de titorías ós especialistas farase sempre ós que teñan máis horas dispoñibles, procurando –ó mesmo tempo- que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor.

-Serán funcións propias do titor as indicadas no artigo 81 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Posteriormente a ORDE do 28 de xuño de 2010 modifican parcialmente a Orde de de 22 de xullo de 1997 e establece normas no caso de adscripción do profesorado en centros co programa ABALAR e sección bilingües, entre outras.

B) TEMPO PARA A ACCIÓN TITORIAL

Na Educación Infantil e na Educación Primaria a función titorial levarase a cabo de forma integrada no proceso de ensino-aprendizaxe.

Atención a país/nais por parte do profesorado Educación Infantil e Educación Primaria.-

O Capítulo VI da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97) explicita que “*co fin de facilita-la relación do profesor titor cos pais, fixarase na programación xeral anual unha hora semanal para a atención ós pais, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro.*”

Reunións cos pais a nivel grupal

A Orde do 22 de xullo de 1997 explicita a obriga de manter reunións colectivas como se cita de seguido:

“Programaranse, igualmente, reunións globais cos pais por titorías, niveis ou ciclos, encamiñadas a expoñe-las liñas xerais do plano de traballo. En todo caso unha terá lugar antes do mes de novembro.”

Coordinación de titores/Departamento de Orientación

Para coordinar o labor titorial os titores/as e orientador/a procurarán manter reunións periódicas. Para poder levar a cabo estas reunións, a principio de curso, procurarase reservar a cada profesor/a titor/a unha hora, a contabilizar como lectiva, para dedicar ás tarefas de titoría

8.- PLANO DE ACCIÓN TITORIAL: EDUCACIÓN INFANTIL

1- OBXECTIVOS

- Iniciar e potenciar a relación familia-escola no proceso educativo.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais/nais e implicar ás familias no apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- Favorecer o proceso de adaptación do alumnado ao inicio da escolaridade ou cando se incorporen procedentes doutro centro.
- Coordinar a intervención do equipo de profesores/as.
- Valorar as características e necesidades de cada alumno/a.
- Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

2- CONTIDOS

- Plan de acollida
- Organización da aula.
- Hábitos de hixiene , limpeza e autocuidado.
- Prevención e detección de déficits aptitudinais e posibles alteracións da linguaxe oral.
- Potenciación de valores:
- Desenvolvemento de actitudes:
- Habilidades de interacción social
- Formación na acción tutorial

3- PLAN DE ACOLLIDA

Final do curso anterior

- Reunión do Xefe de estudos, profesorado de Educación Infantil e orientador/a para programar a incorporación dos alumnos/as desta etapa.
 - A finais de curso, os alumnos/as de novo ingreso, visitarán o centro, acompañados polos seus pais/nais , na data que previamente se lles notifique.
- Terase unha atención especial ao alumnado con NEAE que se incorpore de novo ao centro.

Antes de comezar as clases:

- Realización dunha xuntanza previa ao inicio das clases, colectiva, cos pais/nais dos alumnos/as para
 - Coordinar e organizar a entrada na escola con certa flexibilidade.

- Facilitar información escrita aos pais/nais con horario, materiais e as súas características.
- Solicitar a súa colaboración sobre aspectos como roupa e calzado axeitado, identificación da mesma, “merenda”, xoguetes.

-Recollida de material de cada alumno/a nas datas previstas.

-Entrevista persoal con cada familia na que se cumprimentará un cuestionario dirixido a obter información relevante sobre cada alumno/a, especialmente para os alumnos/as con NEAE de nova incorporación.

-Estudio da documentación existente sobre alumnos/as escolarizados noutros centros que se incorporen a este colexio.

Primeiros días de clase:

- Facilitar progresivamente aos alumnos/as o coñecemento da súa aula, dos servizos, zonas de recreo e do resto do centro.

- Facilitar o coñecemento dos alumnos/as entre si, o seu lugar na clase e a identificación das súas cousas.

*Na ORDE do 6 de xullo de 2017 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial suprímese unha unidade de primaria no CEIP de Agolada polo que terá no curso 2017-18 sete unidades, perdendo así a xefatura de estudos. Aínda así indícanse as funcións deste cargo unipersoal respecto da acción tutorial.

4.-ACTIVIDADES CON ALUMNOS/AS

Individualmente	Responsable	En grupo	Responsable
- Acollida de cada alumno/a da forma o máis personalizada posible facilitándolle o período de adaptación segundo as súas características.	Titor/a	- Facilitar progresivamente aos alumnos/as o coñecemento da súa aula, dos servizos, zonas de recreo e do resto do centro.	Titor/a
- Cumprimentar a documentación dos alumnos/as.	Titor/a	-Facilitar o coñecemento dos alumnos/as entre si, o seu lugar na clase e a identificación das súas cousas.	Titor/a
- Realización da avaliación inicial dos alumnos/as. Prevención e detección de déficits aptitudinais. Detección das necesidades específicas .	Titor/a	--Desenvolvemento de actividades que potencien valores e actitudes: sinceridade, xenerosidade, respecto, orden ,limpeza,	Titor/a Profesores
- Organización a principio de curso das medidas de atención á diversidade que fosen precisas.	D.O.	- Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social: <ul style="list-style-type: none"> • Sorrir. Saudar. Pedir e facer favores. • Habilidades para facer amigos: Cooperar e compartir. Pedir axuda. Unirse ao xogo doutros. • Habilidades para expresar os sentimentos:Expresar emocións. Recibir emocións. • Defender os seus dereitos. 	Titor/a Profesores
- Realización da avaliación continua de cada alumno ao longo de todo o curso, para detectar posibles necesidades educativas poñer en marcha as medidas oportunas.	Titor/a Xefe de estudios D. Orientación		
- Cumprimentar a documentación			

correspondente prescrita na normativa vixente respecto a cada alumno/a.	Titor/a Profesores	- Actividades de educación para a saúde.	Titor/a
-Control de asistencia dos alumnos	Titor/a	- Cumprimentar a documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto ao grupo de alumnos/as.	Titor/a

5.- ACTIVIDADES COS PAIS/NAIS

Individualmente	Responsable	En grupo	Responsable
- Entrevista da orientadora cos pais/nais dos alumnos/as de novo ingreso no centro no momento de solicitar praza. - Recollida de material de cada alumno nas datas previstas. - Entrevista persoal con cada familia na que se cumprimentará un cuestionario dirixido a obter información relevante sobre cada alumno/a. - Realización de entrevistas individuais cos pais ao longo do curso, na hora de titoría, co fin de facer un seguimento continuo do alumnado, informando e asesorando sobre o seu fillo/a , e fomentando a colaboración familia escola. -Comunicar aos pais/nais as faltas de asistencia	Orientador/a Titor/a Titor/a Titor/a	- Visita dos alumnos/as de novo ingreso acompañados polos seus pais/nais. - Realización dunha xuntanza previa ao inicio das clases, colectiva, cos pais/nais dos alumnos/as para concretar como vai ser o período de acollida. - Reunión dos pais/nais de cada grupo de alumnos/as a lo menos a principio de curso.	Xefe/a de estudos* Titoras/es Orientador/a Titor/a Titor /a

6.- ACTIVIDADES COS PROFESORES/AS

Individualmente	Responsable	En grupo	Responsable
- Planificación da acción titorial para o presente curso.	Titor/a Orientador/a Titor/a	- Reunión do Xefe de estudos co profesorado de Educación Infantil e orientadora para programar a incorporación dos alumnos/as desta etapa.	Profesores : E. Infantil Xefe estudos * Orientador/a

<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar información relevante sobre as necesidades e características individuais de cada alumno/a ou do grupo a cada profesor que imparta clase a eses alumnos/as. - Facilitar información sobre ACNEE - Formación na acción tutorial 	<p>Cada profesor</p> <p>Orientador/a</p>	<p>-Formación na acción tutorial</p>	<p>C.C.P.</p>
---	--	--------------------------------------	---------------

9.-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: EDUCACIÓN PRIMARIA

9.1. OBXECTIVOS

- **OBXECTIVO 1:** Promover a personalización da educación favorecendo que sexa integral, diversificada e individualizada.
- **OBXECTIVO 2:** Potenciar o coñecemento, organización e funcionamento do grupo-clase para favorecer un clima axeitado para a convivencia e o traballo escolar buscando a aceptación e participación de todos os alumnos/as e salientando os aspectos orientadores da educación: orientación na vida e para a vida.
- **OBXECTIVO 3:** Axustar adecuadamente o proceso ensinanza-aprendizaxe (programas, adaptacións, metodoloxía...) á diversidade do alumnado.
- **OBXECTIVO 4:** Desenvolver actitudes, hábitos, estratexias e técnicas de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe: aprendendo a aprender.
- **OBXECTIVO 5:** Promover o desenvolvemento, aceptación e adaptación persoal e social.
- **OBXECTIVO 6:** Potenciar a coordinación dos axentes internos responsables de levar adiante a tarefa educativa do Centro
- **OBXECTIVO 7:** Contribuír á axeitada relación e interacción entre os diversos compoñentes da comunidade educativa unificando criterios e pautas que redunden nunha maior coherencia entre o colexio, familia e sociedade en xeral.

OBXECTIVO 1: Promover a personalización da educación favorecendo que sexa integral, diversificada e individualizada.

FUNCIONES	ACTIVIDADES XERAIS	RECURSOS E ESTRATEXIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
<p>1: Facilitar a toma de contacto, integración e participación do alumnado no Centro, aula, instalacións e recursos, así como cos compañeiros/as, titor/a e profesorado.</p>	<p>-Recepción do alumnado: acollida e integración</p> <p>-Presentación do titor/a</p> <p>-Coñecemento mutuo dos alumnos/as:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dinámicas de coñecemento, relación, gustos, intereses...(con especial atención aos alumnos novos) • Actividades favorecedoras das relación interpersoais e integración grupal. <p>-Coñecemento do Centro: organización xeral, instalación e servicios, a propia aula.</p> <p>-Presentación do plan global de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Normas xerais de comportamento (NOF) • Material • Horarios 	<p>-Técnicas e dinámicas de interacción en titoría</p> <p>-Visitas guiadas</p> <p>-Exposición en gran grupo</p> <p>-NOF (dereitos e deberes, normas de convivencia...)</p>	<p>-Setembro-Outubro</p> <p>-Equipo de ciclo</p> <p>-Titor</p>

<p>2: Recoller información relevante das características do alumnado e do grupo-clase.</p>	<p>-Coñecemento do alumno/a polo titor/a, Recollida de información inicial:</p> <p>*Alumnos de novo ingreso: datos persoais e familiares, datos relevantes sobre a súa historia familiar e escolar, características persoais (intereses, motivación, estilo de aprendizaxe).</p> <p>*Carpeta de expediente académico do alumno/a e do grupo (informes, valoracións...) adaptación persoal, familiar e social, integración...), competencia curricular, necesidades educativas.</p> <p>*Alumnos/as do Centro: (datos persoais e familiares, rendemento, aprendizaxe, adaptación, necesidades educativas...), informes do D. de Orientación.</p> <p>-Características do grupo: estrutura, dinámica, adaptación, motivación, niveis de aprendizaxe, necesidades educativas.</p>	<p>-“Carpeta do Titor” (fichas alumno/a, cuestionarios, entrevistas semiestruturadas, rexistros de observación, sociogramas...).</p>	<p>-Set- Out.</p> <p>-Titor</p> <p>-No seu caso, o Orientador/a</p>
<p>3: Realizar o seguimento individualizado de cada alumno/a.</p>	<p>-Rexistro acumulativo de información relevante:</p> <p>*Recollida de información mediante observación sistemática seguindo criterios (actitude, comportamento, habilidades manifestadas, dificultades etc.) e entrevistas periódicas.</p> <p>*Rexistro de incidencias</p>	<p>-Ficha seguimento alumno/a.</p> <p>-Rexistros.</p> <p>-Entrevista semiestruturada.</p>	<p>-Todo o curso</p> <p>- Titor/a</p> <p>-No seu caso, profesorado de apoio.</p> <p>-Orientador/a.</p>

OBXECTIVO 2: Potenciar o coñecemento, organización e funcionamento do grupo-clase para favorecer un clima axeitado para a convivencia e o traballo escolar buscando a aceptación e participación de todos os alumnos/as e salientando os aspectos orientadores da educación: orientación na vida e para a vida.

FUNCIONS	ACTIVIDADES XERAIS	RECURSOS E ESTRATEXIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
